

CCR/Ra

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 26 de abril de 2024, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas pola Sra. Deputada D^a. María Manuela Rodríguez Pumar:

23.8194.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- Punto número 23. Rogos e Preguntas. Ten a palabra Dona María Manuela Rodríguez Pumar.

Sra. Rodríguez Pumar.- Grazas. Quería facer dúas preguntas. A primeira ten a ver coa presentación que se fixo por parte de vostede, bueno, do goberno, do Plan Director do Parque Castelo de Sobroso, que digo, atopándose o Castelo de Sobroso na parroquia de Vilasobroso pertencente ó Concello de Mondariz, aínda que o Castelo sexa hoxe propiedade do Concello de Pontearreas, ¿por que non foi convidada a Entidade Local Menor de Vilasobroso a este evento?

E a seguinte pregunta ten a ver coa estrada da que estaban hoxe os representantes veciñais máis o alcalde, era unha pregunta no sentido de que no mes de xaneiro fixéramos unha pregunta o grupo do BNG a respecto desa estrada e cando se publicou como reacción, bueno, á parte de presentarse aquí unha moción que presentou o grupo político, o Departamento de Mobilidade se puxo en contacto coa plataforma dicindo que se iban a reunir inmediatamente ...

Sr. Presidente.- ¿Cal é a pregunta? ¿Cal é a pregunta? A ver. Espera. Non che se escoita. A pregunta que fixeches cortouchese a intervención por unha máxima de que, non instaurada por min senón polo anterior equipo de goberno, non sei se lembrades quen eran, é formular preguntas, por favor, repite a pregunta.

Sra. Rodríguez Pumar.- ¿Cando vai recibir ou se vai a entrevistar a responsable do Departamento de Mobilidade coa Plataforma pola mellora da EP-2703 de Pazos de Borbén?

...

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D^a. María Manuela Rodríguez Pumar.- Turismo.- Infraestruturas.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno).- Presidencia.- Secretario.- Central.-



Preguntas efectuadas pola deputada do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego, Dona María Manuela Rodríguez Pumar, na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 26 de abril de 2024:

1ª PREGUNTA:

¿Por que non foi convidada a Entidade Local Menor de Vilasobroso a este evento? (en referencia á presentación do Plan Director do Castelo de Sobroso)

RESPOSTA:

Dende a Deputación de Pontevedra convidouse a asistir á presentación do Plan Director do Castelo de Sobroso a representantes dos concellos da comarca.

2ª PREGUNTA:

¿Cando vai recibir ou se vai a entrevistar a responsable do Departamento de Mobilidade coa Plataforma pola mellora da EP-2703 de Pazos de Borbén?

RESPOSTA:

A Deputación de Pontevedra está tramitando o expediente para a aprobación do convenio co concello de Pazos de Borbén para a mellora da EP-2703 e remitiuse ao concello para a súa aprobación.

Corresponde á deputada responsable de infraestruturas públicas e mobilidade determinar as reunións e entrevistas necesarias para o correcto desenvolvemento do proxecto.

Asinado dixitalmente.



CCR/Ra

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 26 de abril de 2024, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas pola Sra. Deputada D^a. Ana Laura Iglesias González:

23.8194.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- Punto número 23. Rogos e Preguntas. ...

Sr. Presidente.- Por parte do Grupo Socialista, ¿preguntas? ¿Quen pregunta? Primeiro. A ver.

Sra. Iglesias González.- Dúas preguntas Presidente. A primeira é cando pensa o Presidente pedirles desculpas a esta Voceira do Partido Socialista polas mentiras que verteou sobre a miña persoa fai un intre. E, a segunda pregunta de ¿cando vai o Presidente da Deputación de Pontevedra dirixir de forma democrática este Pleno cando se lle solicita unha cuestión de orde e por alusións non se lle dá a palabra a esta Voceira. Moitas gracias.

...

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D^a. Ana Laura Iglesias González.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno).- Presidencia.- Secretario.- Central.-



Preguntas efectuadas pola deputada do Grupo Provincial Socialista, Dona Ana Laura Iglesias González, na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 26 de abril de 2024:

1ª PREGUNTA:

¿Cando pensa o presidente pedirlle desculpas a esta voceira do Partido Socialista polas mentiras que verteu sobre a miña persoa fai un intre?

RESPOSTA:

A presidencia non ten constancia de "mentiras" vertidas polo seu titular, que valora e practica o respecto institucional nas relacións con todos os grupos con representación na Corporación.

2ª PREGUNTA:

¿Cando vai o presidente da Deputación de Pontevedra dirixir de forma democrática este Pleno cando se lle solicita unha cuestión de orde e por alusións non se lle dá a palabra a esta voceira?

RESPOSTA:

A prerrogativa de concesión de quendas de palabra por alusións ou cuestión de orde corresponde única e exclusivamente ao presidente e en ningún caso deben ser empregadas como quendas adicionais para prolongar debates cuxos tempos de intervención están recollidos de xeito preciso no Regulamento Orgánico da Deputación de Pontevedra.

Asinado dixitalmente.



CCR/Ra

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 26 de abril de 2024, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas polo Sr. Deputado D. Gorka Gómez Díaz:

23.8194.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- Punto número 23. Rogos e Preguntas. ...

Sr. Presidente.- Por parte do Grupo Socialista, ¿preguntas? ¿Quen pregunta? Primeiro. A ver.

...

Sr. Presidente.- Última pregunta. Gorka.

Sr. Gómez Díaz.- Rogo.

Sr. Presidente.- Rogo.

Sr. Gómez Díaz.- Bueno, rogamos ao Presidente da Deputación e á Deputada de Deportes que abandonen ese ritmo caribeño, eses dez meses de reflexión que levan no goberno, e se poñan a traballar para sacar as bases reguladoras para os clubs deportivos da provincia que teñen totalmente abandonados. Gracias.

Sr. Presidente.- Moi ben, moitas grazas e damos por finalizado este Pleno. Bo día.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 14/05/2024 11:57

D. Gorka Gómez Díaz.- Deportes.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno).- Deportes.- Presidencia.- Secretario.- Central.-

